

## A FALA

Nesta terra fecunda xermolou a Fala. Medrou como medran as árbores: profundando a raíz, fortalecendo o talo e estendendo as pólas, cada unha da súa forma e cor polo territorio do tempo. Cando o vento bate nelas soan distinto segundo estean na montaña ou na beira do mar. Nesa variedade sonora está a súa singular beleza, que a soberbia ilustrada debería respectar.

Ocupan todo o ancho e longo do territorio sentimental dun pobo. Chegaron ata nós grazas aos sabios coidados dos nosos antergos: labregos, obreiros, mariñeiros, que intuían dentro un tesouro que gardar para deixarlles en herdanza ás súas crianzas.

Celebramos cada ano o Día da Lingua homenaxeando os nosos escritores e escritoras máis salientábeis, cousa admirábel, mais poucos lle chaman Fala. Semella que esta fermosa palabra foi soterrada por padas de desmemoria urbana.

Nembargantes, no meu corazón, este fermoso día que alumeou Rosalía nos Cantares, cunha mirada de muller galega e feminista, foi e será sempre o día dos heroes anónimos que nos sucos da terra e nas ondas do mar gardaron un tesouro oral no medio das perigosas ventadas do poder, que querían levar lonxe da terra as Follas Novas dunha árbore milenaria.

No día de hoxe Lingua e Fala comparten unha doce complicidade que sobrevive no espírito, mais eu espero que algún ano a Academia adique este día a honrar os homes e mulleres humildes que no campo e no mar conservaron a Fala.